

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 22/06/2015

Na vila de Vimianzo, ás trece horas do día vintedous de xuño de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D.<sup>a</sup>. Marta Rey Lema  
D. José Antonio Vidal Mira  
D.<sup>a</sup>. María Élide Pequeño Lorenzo  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D. Mario Andújar Mouzo  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Amigo  
D.<sup>a</sup>. Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

~~Secretaria:~~ D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Esta sesión de carácter extraordinario ten lugar para dar cumprimento ó establecido no artigo 38 do ROF, aprobado por R.D. 2568/86, do 28 de novembro.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Determinación da periodicidade das sesións extraordinarias do Pleno.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.**

A vista das eleccións locais do día 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto non artigo 46.2).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

En virtude do regulado no artigo 210.2).a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último sábado dos meses impares, ás 11.00 horas, logo de convocatoria do Sr. Alcalde.

Para o suposto de que coincida cun día festivo ou non laborable, celebrarase o sábado anterior ou posterior.

Facúltase ao alcalde para adiantar ou retrasar a sesión ordinaria un máximo de sete días naturais, por motivos de interese público e a fin de evitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta entidade.”

O alcalde explica que se manteñen as datas que viñan tendo ata o momento (últimos sábados dos meses impares) así como a hora (ás once da mañá) e recupérase a periodicidade bimensual acordada no pleno organizativo de xuño do 2011. Explica que esta proposta recolle un pouco mellor o suposto de que o pleno coincida en día festivo.

A Sra. Mouzo Maceiras di que non está dacordo en que os plenos sexan cada dous meses, prefería que fose cada mes, como se viña facendo ata agora, para un maior control al goberno.

A Sra. Rodríguez Amigo expresa a mesma opinión, considerando que o pleno debe ser cada mes, pos Vimianzo ten o volume de traballo suficiente como para celebrar plenos mensuais.

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que vai votar en contra, pois os plenos deberían ser mensuais.

A Sra. Rodríguez Ordóñez tamén indica que o seu voto vai ser en contra, pois sería necesario alomenos celebrar un pleno ao mes.

O alcalde considera que os argumentos están sobre a mesa e o goberno móvese dentro do cumprimento do establecido na Lei de Bases. Puntualiza que os plenos mensuais foron impostos ao final da pasada lexislatura pola oposición, facendo valer a súa maioría, pois no pleno de organización do 2011 acordouse que se celebrasen cada dous meses. Considera que a experiencia demostrou que celebrar os plenos mensualmente non axuda precisamente a axilizar a tramitación dos expedientes, pois a propia preparación dos plenos supón unha carga de traballo a maiores.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por oito votos a favor do BNG, cinco votos en contra de IxV e grupo mixto (Sra. Rodríguez Ordóñez, Sr. Andújar Mouzo, Sra. Mouzo Maceiras, Sra. Rodríguez Amigo e Sr. Rodríguez Blanco), e ningunha abstención, acorda:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último sábado dos meses impares, ás 11.00 horas, logo de convocatoria do Sr. Alcalde.

Para o suposto de que coincida cun día festivo ou non laborable, celebrarase o sábado anterior ou posterior.

Facúltase ao alcalde para adiantar ou retrasar a sesión ordinaria un máximo de sete días naturais, por motivos de interese público e a fin de evitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta entidade.

## **2. Creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**



# Concello de Vimianzo

## **Asunto: creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas**

A vista das eleccións locais do día 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto ou estudo, informe e consulta dos asuntos a someter á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

A teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, constituiranse comisións de estudo, informe e consulta en tódolos municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ó Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representación no Concello.

En virtude do establecido no artigo 212.1 da antedita lei autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das comisións de estudo, informe e consulta será determinado polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ó pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza o alcalde, segundo se sinala no artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

De conformidade co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais comisións informativas.

Considerando os parámetros de poboación, potencialidade económica e complexidade xurídico-administrativa deste Municipio, considérase que é necesaria a creación de cinco comisións informativas de carácter permanente.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

**PRIMEIRO.-** Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente:

- 1.- **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.** Funcionará como comisión informativa permanente de contas, facenda e orzamentos.
- 2.- **COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE OBRAS E URBANISMO.**
- 3.- **COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CULTURA E DEPORTES.**
- 4.- **COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE BENESTAR.**

## 5.- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS.

SEGUNDO.- As comisións estarán integradas por cinco membros, incluída a Presidencia da mesma que corresponde ao Sr. Alcalde o concelleiro en quen delegue, en proporción á representación dos grupos políticos no Pleno, da forma seguinte:

Grupo Municipal do BNG: 3 membros.

Grupo Municipal Independientes por Vimianzo: 1 membro.

Grupo mixto: 1 membro.

TERCEIRO.- As atribucións das comisións informativas permanentes son as seguintes:

- O estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno.
- O estudo, informe e consulta dos asuntos que a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local voluntariamente lle requiran como trámite previo á adopción de calquera acordo.
- Efectuar funcións de seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local ou dos concelleiros delegados, nos ámbitos funcionais ou materiais propios de cada comisión informativa, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno.

CUARTO.- As comisións informativas permanentes celebrarán sesións ordinarias os martes anteriores á celebración da sesión plenaria de carácter ordinario, e sesión extraordinaria nos supostos previstos no artigo 134.1 do ROF.

As sesións celebraránse na sala de sesións da Casa do Concello.

QUINTO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.

SEXTO.- Notificar o presente acordo aos portavoces dos grupos políticos municipais, outorgándolle un prazo de cinco días hábiles para designar aos seus representantes (titular e suplente) nas citadas comisións informativas."

O alcalde sinala que a proposta de creación das comisións informativas estableceuse en función das materias que máis se estaban sometendo a ditame no pasado mandato, e se crea unha de asuntos xerais para todos aqueles asuntos que non teñan cabida nas outras. A periodicidade tamén se establece, non obstante aclara que se vai convocar cada sesión pola Alcaldía coa antelación prevista legalmente, o cal supón que se a comisión é un martes, os concelleiros van recibir a convocatoria o venres anterior.

A Sra. Mouzo Maceiras di que hai que traballar e seguir para adiante.

A Sra. Rodríguez Amigo afirma non ter nada que obxectar ao respecto desta proposta.

O Sr. Rodríguez Blanco tampouco fai ningunha obxeción.

No mesmo sentido se pronuncia a concelleira de IxV.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por oito votos a favor do BNG, cinco abstencións de IxV e grupo mixto (Sra. Rodríguez Ordóñez, Sr. Andújar Mouzo, Sra. Mouzo Maceiras, Sra. Rodríguez Amigo e Sr. Rodríguez Blanco), e ningún voto en contra, acorda:

PRIMEIRO.- Constituír as seguintes comisións Informativas de carácter permanente:

1.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS. Funcionará como comisión informativa permanente de contas, facenda e orzamentos.



# Concello de Vimianzo

- 2.- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE OBRAS E URBANISMO.
- 3.- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CULTURA E DEPORTES.
- 4.- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE BENESTAR.
- 5.- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS.

SEGUNDO.- As comisións estarán integradas por cinco membros, incluída a Presidencia da mesma que corresponde ao Sr. Alcalde o concelleiro en quen delegue, en proporción á representación dos grupos políticos no Pleno, da forma seguinte:

Grupo Municipal do BNG: 3 membros.

Grupo Municipal Independientes por Vimianzo: 1 membro.

Grupo mixto: 1 membro.

TERCEIRO.- As atribucións das comisións informativas permanentes son as seguintes:

- O estudo, informe e consulta dos asuntos que deben someterse a decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno.
- O estudo, informe e consulta dos asuntos que a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local voluntariamente lle requiran como trámite previo á adopción de calquera acordo.
- Efectuar funcións de seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local ou dos concelleiros delegados, nos ámbitos funcionais ou materiais propios de cada comisión informativa, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno.

CUARTO.- As comisións informativas permanentes celebrarán sesións ordinarias os martes anteriores á celebración da sesión plenaria de carácter ordinario, e sesión extraordinaria nos supostos previstos no artigo 134.1 do ROF.

As sesións celebraránse na sala de sesións da Casa do Concello.

QUINTO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.

SEXTO.- Notificar o presente acordo aos portavoces dos grupos políticos municipais, outorgándolle un prazo de cinco días hábiles para designar aos seus representantes (titular e suplente) nas citadas comisións informativas.

### **3. Nomeamento de representantes da Corporación en órganos Colexiados que sexan competencia do Pleno.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO.**

A vista das eleccións locais do día 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015, resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

En cumprimento do establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes concelleiros/as como representantes da Corporación nos órganos colexiados que de seguido se indican:

**Grupo de Acción Costeira:**

Titular: Manuel Antelo Pazos

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Grupo de Desarrollo Rural**

Titular: Manuel Antelo Pazos

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar do CEIP San Vicenzo de Vimianzo:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar do Colexio público de Baíñas:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar do IES e profesional da Gándara:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar das escolas unitarias:**

Castromil: Anselmo Ramos Martínez (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Cereixo: José Trillo Lema (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Carnés: José Trillo Lema (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Carantoña: José Antonio Vidal Mira (titular) e José Trillo Lema (suplente)

**Escola Infantil municipal:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Patronato para a mellora do Medio Rural:**

Titular: José Trillo Lema

Suplente: Anselmo Ramos Martínez

**Xunta Local de Concentración Parcelaria:**

Titular: José Trillo Lema

Suplente: Anselmo Ramos Martínez

**Xunta de Protección Civil e Extinción de Incendios:**

Titular: Anselmo Ramos Martínez

Suplente: José Antonio Vidal Mira



# Concello de Vimianzo

## **Xuntas Periciais dos Catastros de Rústica e Urbana:**

Titular: Fernando Mancebo Amigo

Suplente: María Xosé Ramos Rey

## **Xunta Local da Cruz Vermella:**

Titular: María Élida Pequeño Lorenzo

Suplente: Marta Rey Lema

## **Mesa Local de Comercio:**

Presidente: Manuel Antelo Pazos (titular) e Fernando Mancebo Amigo (suplente)

Representante do Concello: José Antonio Vidal Mira (titular) e Anselmo Ramos Martínez (suplente)

SEGUNDO.- Publicar íntegramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo ós órganos respectivos."

O alcalde manifesta que os órganos externos son órganos de participación onde se vai levar a política concreta do goberno municipal de turno, polo que entenden que un goberno con maioría absoluta é quen debe ter representantes en todos estes órganos. Critica que no mandato anterior non houbera coordinación nin coherencia, precisamente naqueles órganos nos que ostentaban a representación municipal concelleiros da oposición.

A Sra. Mouzo Maceiras afirma non sentirse representada.

A Sra. Rodríguez Amigo considera que nalgún órgano debería haber representación da oposición, incluso en base a criterios de capacidade.

O Sr. Rodríguez Blanco entende que é unha proposta do goberno e polo tanto vaise abster.

A Sra. Rodríguez Ordóñez non comparte que, habendo trece órganos de representación externa, en ningún deles haxa un representante da oposición, polo tanto está en contra da proposta.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por oito votos a favor do BNG, catro votos en contra de IxV (Sra. Rodríguez Ordóñez e Sr. Andújar Mouzo) e Sra. Mouzo Maceiras e Sra. Rodríguez Amigo, e unha abstención do Sr. Rodríguez Blanco, acorda:

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes concelleiros/as como representantes da Corporación nos órganos colexiados que de seguido se indican:

## **Grupo de Acción Costeira:**

Titular: Manuel Antelo Pazos

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

## **Grupo de Desenvolvemento Rural**

Titular: Manuel Antelo Pazos

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

## **Consello Escolar do CEIP San Vicenzo de Vimianzo:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

## **Consello Escolar do Colexio público de Baíñas:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar do IES e profesional da Gándara:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Consello Escolar das escolas unitarias:**

Castromil: Anselmo Ramos Martínez (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Cereixo: José Trillo Lema (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Carnés: José Trillo Lema (titular) e José Antonio Vidal Mira (suplente)

Carantoña: José Antonio Vidal Mira (titular) e José Trillo Lema (suplente)

**Escola Infantil municipal:**

Titular: María Xosé Ramos Rey

Suplente: Fernando Mancebo Amigo

**Patronato para a mellora do Medio Rural:**

Titular: José Trillo Lema

Suplente: Anselmo Ramos Martínez

**Xunta Local de Concentración Parcelaria:**

Titular: José Trillo Lema

Suplente: Anselmo Ramos Martínez

**Xunta de Protección Civil e Extinción de Incendios:**

Titular: Anselmo Ramos Martínez

Suplente: José Antonio Vidal Mira

**Xuntas Periciais dos Catastros de Rústica e Urbana:**

Titular: Fernando Mancebo Amigo

Suplente: María Xosé Ramos Rey

**Xunta Local da Cruz Vermella:**

Titular: María Élida Pequeño Lorenzo

Suplente: Marta Rey Lema

**Mesa Local de Comercio:**

Presidente: Manuel Antelo Pazos (titular) e Fernando Mancebo Amigo (suplente)

Representante do Concello: José Antonio Vidal Mira (titular) e Anselmo Ramos Martínez (suplente)


SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo ós órganos respectivos.

**4. Delegación de competencias do Pleno en Xunta de Goberno Local.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**





# Concello de Vimianzo

## ASUNTO: DELEGACION NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE COMPETENCIAS PLENARIAS.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes facultades do Pleno previstas no art. 22.2 da LBRL:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (parágrafo j);
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (parágrafo k);
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos (parágrafo ñ).

SEGUNDO.- Cando a Xunta de Goberno Local actúe por delegación do Pleno do Concello, someterase o asunto a previo ditame da comisión informativa correspondente, esa parte da sesión terá carácter público e darase conta do acordado na seguinte sesión plenaria."

O alcalde manifesta que a Lei de Bases de Réxime Local no artigo 23 contempla máis competencias plenarias que poden ser delegadas na Xunta de Goberno Local, pero considera que as contidas na proposta son suficientes.

Os concelleiros do PSdeG-PSOE, PP e TEGA non teñen nada que obxectar a esta proposta.

A concelleira de IxV non está dacordo, sobre todo na aprobación dos proxectos de obra, pois deste xeito a oposición vai ter moito máis complicado facer a súa labor por mor das dificultades para acceder aos expedientes.

O alcalde matiza o dito pola concelleira, no sentido de que van ter o mesmo acceso ao expediente, en tanto é preceptivo o ditame previo da comisión informativa correspondente, polo tanto na súa condición de membros da comisión van ter acceso a todo.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por oito votos a favor do BNG, dous votos en contra de IxV (Sra. Rodríguez Ordóñez e Sr. Andújar Mouzo) e tres abstencións da Sra. Mouzo Maceiras, Sra. Rodríguez Amigo e Sr. Rodríguez Blanco, acorda:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes facultades do Pleno previstas no art. 22.2 da LBRL:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (parágrafo j);
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (parágrafo k);
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos Orzamentos (parágrafo ñ).

SEGUNDO.- Cando a Xunta de Goberno Local actúe por delegación do Pleno do Concello, someterase o asunto a previo ditame da comisión informativa correspondente, esa parte da sesión terá carácter público e darase conta do acordado na seguinte sesión plenaria.

## **5. Establecemento do réxime retributivo da corporación municipal 2015-2019.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, que se transcribe literalmente:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: ESTABLECEMENTO DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015-2019.**

A vista das eleccións locais celebradas o 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Visto o informe emitido o 17 de xuño de 2015 pola secretaría e intervención municipais.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

**PRIMEIRO.-** Que o alcalde- presidente, D. Manuel Antelo Pazos, se adique en exclusiva a xornada completa ás tarefas municipais propias do seu cargo.

Percibirá unha retribución anual bruta de 44.702 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.193,00 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

A presente adicación exclusiva xurdirá efectos dende o 13/06/2015, cursando a correspondente alta en MUFACE e dando conta ao Pleno da Corporación.

**SEGUNDO.-** Que a cuarta tenente de alcalde, D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema, se adique de maneira exclusiva ás seguintes tarefas que ten delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 789/2015 de data 15/06/2015: áreas de Cultura, Deportes e Mocidade.


Percibirá unha retribución anual bruta de 27.300,00 euros repartida en 14 pagas mensuais de 1.950,00 euros, dos que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

A presente adicación exclusiva xurdirá efectos cando exista crédito axeitado e suficiente no vixente orzamento, previa modificación orzamentaria, e sexa expresamente aceptada pola concelleira, cursando a correspondente alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e dando conta ao Pleno da Corporación.

**TERCEIRO.-** Crear unha praza de persoal eventual, nomeada “secretario/a persoal da alcaldía”, a xornada completa, en réxime de especial adicación, cunha retribución bruta anual de 23.800,00 euros prevista no orzamento vixente.

**CUARTO.-** Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva o parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 65 euros/sesión



# Concello de Vimianzo

- Xuntas de Goberno Local: 65 euros/sesión
- Comisións Informativas: 40 euros/sesión
- Mesas de contratación (para os membros Corporativos): 40 euros/sesión
- Representación da Corporación en órganos colexiados nos que se participe (agás que a entidade titular de tal órgano xa pague as asistencias): 40 euros/sesión
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa.

QUINTO.- Que os grupos políticos municipais perciban, en concepto de dotacións económicas, ao abeiro do artigo 73 da Lei de bases de réxime local e demais disposicións concordantes, as seguintes contías:

- contía fixa por grupo: 100 euros/mes
- contía variable: 50 euros/mes por concelleiro

SEXTO.- Quedan modificadas as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente.”

O alcalde afirma que despois das eleccións do 24 de maio, os veciños apostaron claramente por ter unha corporación dun goberno forte, con maioría absoluta. Xustifica a adicación da concelleira de Cultura, a Sra. Rey Lema, pois veu facendo un traballo moi importante como persoal eventual estes catro anos, e a partir de agora colaborará estreitamente co alcalde nas funcións propias da área que ten delegada. Sinala que o posto de persoal eventual mantense porque é necesaria a asistencia ao alcalde e a coordinación do goberno, así como a atención ás demandas dos veciños, que doutro xeito non se poderían canalizar dun xeito tan áxil.

Sinala que as retribucións propostas están dentro dos parámetros que se viñan manexando, así como as asistencias á órganos colexiados, e baixouse un pouco as dotacións a grupos políticos.

A Sra. Mouzo Maceiras considera que o que traballa lóxicamente ten que se retribuído, pero parécelle fora de lugar crear unha praza de persoal eventual, pois os funcionarios municipais son moi válidos para realizar esas tarefas.

A Sra. Rodríguez Amigo posiciónase totalmente en contra da creación dunha praza de persoal eventual. Recoñece que as retribucións están por debaixo dos máximos legais, pero polos pelos, pois no soldo do alcalde só baixa 300 euros. Considera que na época de crise que estamos padecendo os soldos dos políticos poderían baixarse máis e critica que eses cartos non se destinen, por exemplo, aos servizos sociais, e en cambio sí se gasten en secretarios.

O Sr. Rodríguez Blanco non critica as adicacións exclusivas do alcalde e a concelleira, pero sí o gasto en persoal eventual. Pregunta como se vai facer efectivo o pago aos grupos, en concreto no que respecta ao grupo mixto.

A concelleira de IxV critica as altas contías das adicacións exclusivas, que ascenden a case 100.000 euros por ano, o que suma a case 400.000 euros na lexislatura que comezamos. Parécelle esaxerado e móstrase totalmente en contra da praza de persoal eventual.

O Sr. Mancebo Amigo entende que a oposición ten que facer o seu papel de crítica ao goberno, pero cita, a modo de exemplo, que o custe anual da policía local (con tres efectivos) é superior ao que vai custar este goberno. Sinala que en gastos de persoal o concello supera os dous millóns de euros anuais. Repite que o custe sitúase por debaixo dos límites legais impostos pola reforma do goberno do Sr. Rajoy, e pregunta a PSOE e PP se teñen un criterio para Vimianzo e outro distinto naqueles concellos nos que gobernan eles.

O concelleiro do BNG afirma que actualmente na plantilla de persoal municipal hay dez persoas que teñen unhas retribucións superiores ás que percibirá a concelleira de cultura. Lembra que o actual goberno municipal custa aos vimianceses 50.000 euros menos que o goberno municipal do mandato iniciado no 2007, no que houbo unha adicación exclusiva e dúas parciais. Considera que os cargos políticos con adicación exclusiva teñen moito traballo nun concello coma Vimianzo,

onde os principais servizos (auga, sumidoiro, alumeadado público, axuda no fogar, etc.) son xestionados directamente.

A Sra. Rodríguez Ordóñez pide un segundo turno de palabra, ao que o alcalde accede.

A Sra. Mouzo Maceiras di que non quere volver ás liortas do mandato anterior. As adicacións non lle parecen deshorbitadas, pero no tema do persoal eventual o único que fixo foi expresar a opinión do PSOE.

A Sra. Rodríguez Amigo non entende a comparación do Sr. Mancebo entre os soldos do goberno e a policía local ou os servizos sociais. Considera que hai que tratar de manter os servizos que hai en lugar de criticar o seu custe. Non comparte que non sexa necesario un pleno ao mes e agora digan, para xustificar as adicacións, que hai moito traballo. Repite que o alcalde vai cobrar 300 euros menos que o límite máximo previsto legalmente, polo tanto despois que non veñan dicindo que non hai cartos para os servizos sociais.

O concelleiro de TEGA considera que o comentario do Sr. Mancebo sobre a policía local non foi moi afortunado, e considera que debe disculparse. Afirmo que a policía local cobra por facer o seu traballo, non está roubando nada. Invita ao goberno a establecer oito adicacións, que el non vai votar en contra desa proposta.

A concelleira de IxV afirma que tampouco quere entrar en guerras, pero o que menos lle gusta é comparar o traballo dos funcionarios. Os veciños precisan do traballo tanto da policía local coma dos servizos sociais, polo tanto descoñece a que veñen eses comentarios do concelleiro do BNG.

O Sr. Mancebo Amigo di que apenas hai un mes que tivemos eleccións e parece que a oposición non entendeu nada, pois os veciños votaron maioritariamente a este goberno. Considera que sí son procedentes as comparacións que fixo, pois o goberno non traballa as trinta e cinco ou trinta e sete horas que traballa un policía local, senón moitas máis, algunha semana sesenta ou setenta horas. Polo tanto, considera que as comparacións son necesarias para ver quen fai demagogia. A lei permite que nunha corporación coma Vimianzo haxa tres adicacións exclusivas de 43.100 euros cada unha, por exemplo, as cales sumarían un total de 130.000 euros ao ano, 30.000 euros máis do que vai costar o actual goberno, incluído o persoal eventual. Alega que en Vimianzo non houbo que recortar soldos do alcalde, como sí houbo que facer noutros concellos. Conclúe, polo tanto, que o custe da actual corporación non é importante.

O alcalde puntualiza que non gobernan os funcionarios, senón o goberno, e o goberno non é un departamento. É lexítimo que o goberno estableza os medios que considere oportunos para gobernar, dentro do marco legal. Considera que tampouco pode enfadarse ninguén porque determinadas comparacións non lle gusten, porque non se citou ningún nome.

Aclara que el, como alcalde, ven cobrando o mesmo que nestes últimos catro anos, soldo que herdou do alcalde anterior. Lembra que voluntariamente o alcalde renunciou á paga extra da nadal cando o goberno Rajoy Ila sacou aos funcionarios. Afirmo que a suma das retribucións das adicacións exclusivas deste goberno son as máis baixas dos últimos doce anos. Considera que o posto de persoal eventual foi unha decisión moi acertada, porque se atenden as demandas dos veciños que exceden do ámbito administrativo, que lle corresponde en exclusiva aos funcionarios. Destaca que o importante é que o goberno governe.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por oito votos a favor do BNG, tres votos en contra de IxV (Sra. Rodríguez Ordóñez e Sr. Andújar Mouzo) e Sra. Rodríguez Amigo e dúas abstencións da Sra. Mouzo Maceiras e Sr. Rodríguez Blanco, acorda:

**PRIMEIRO.-** Que o alcalde- presidente, D. Manuel Antelo Pazos, se adique en exclusiva a xornada completa ás tarefas municipais propias do seu cargo.

Percibirá unha retribución anual bruta de 44.702 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.193,00 euros, das que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.



# Concello de Vimianzo

A presente adicación exclusiva xurdirá efectos dende o 13/06/2015, cursando a correspondente alta en MUFACE e dando conta ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- Que a cuarta tenente de alcalde, D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema, se adique de maneira exclusiva ás seguintes tarefas que ten delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 789/2015 de data 15/06/2015: áreas de Cultura, Deportes e Mocidade.

Percibirá unha retribución anual bruta de 27.300,00 euros repartida en 14 pagas mensuais de 1.950,00 euros, dos que se deducirá a parte correspondente da súa aportación á Seguridade Social e ó IRPF.

A presente adicación exclusiva xurdirá efectos cando exista crédito axeitado e suficiente no vixente orzamento, previa modificación orzamentaria, e sexa expresamente aceptada pola concelleira, cursando a correspondente alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e dando conta ao Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Crear unha praza de persoal eventual, nomeada "secretario/a persoal da alcaldía", a xornada completa, en réxime de especial adicación, cunha retribución bruta anual de 23.800,00 euros prevista no orzamento vixente.

CUARTO.- Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva o parcial perciban en concepto de asistencias por concurrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

- Plenos: 65 euros/sesión
- Xuntas de Goberno Local: 65 euros/sesión
- Comisións Informativas: 40 euros/sesión
- Mesas de contratación (para os membros Corporativos): 40 euros/sesión
- Representación da Corporación en órganos colexiados nos que se participe (agás que a entidade titular de tal órgano xa pague as asistencias): 40 euros/sesión
- Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa.

QUINTO.- Que os grupos políticos municipais perciban, en concepto de dotacións económicas, ao abeiro do artigo 73 da Lei de bases de réxime local e demais disposicións concordantes, as seguintes contías:

- contía fixa por grupo: 100 euros/mes
- contía variable: 50 euros/mes por concelleiro

SEXTO.- Quedan modificadas as bases de execución do orzamento vixentes en todo o que afecte a este acordo e quedan derogados tódolos acordos que contradigan ao presente."

## 6. Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.

Dase conta dos seguintes escritos, presentados polos grupos municipais do BNG e IxV:

- Escrito con RE 4779/2015 presentado o 15 de xuño de 2015, asinado polos concelleiros D<sup>a</sup>. Mónica Rodríguez Ordóñez e D. Mario Andújar Mouzo, no que comunican que se constitúen como grupo político denominado "Independientes por Vimianzo", e designan como voceira titular a D<sup>a</sup>. Mónica Rodríguez Ordóñez e como voceiro suplente a D. Mario Andújar Mouzo.

• Escrito con RE 4857/2015 presentado o 16 de xuño de 2015, asinado polos concelleiros D. Manuel Antelo Pazos, D. Fernando Mancebo Amigo, D<sup>a</sup>. María José Ramos Rey, D. José Trillo Lema, D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema, D. José Antonio Vidal Mira, D<sup>a</sup>. María Élida Pequeño Lorenzo e D. Anselmo Ramos Martínez, no que comunican que se constitúen como grupo político denominado "Grupo municipal do BNG de Vimianzo" e designan como voceiro titular a D. Fernando Mancebo Amigo e como voceiro suplente a D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

## **7. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde.**

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 787 de data 13 de xuño de 2015, sobre nomeamentos de tenentes de Alcalde, que se transcribe literalmente:

### **“RESOLUCION DA ALCALDIA**

#### **ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.**

A vista das eleccións locais celebradas o 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 46 (*"1. Los Tenientes de Alcalde serán libremente nombrados y cesados por el Alcalde de entre los miembros de la Comisión de Gobierno y, donde ésta no exista, de entre los Concejales"*) e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 785/2015, de data 13/06/2015, pola que se nomea membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros D. Fernando Mancebo Amigo, D<sup>a</sup>. María José Ramos Rey, D. José Trillo Lema e D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros:

D. Fernando Mancebo Amigo, primeiro tenente de alcalde.

D<sup>a</sup>. María Jose Ramos Rey, segunda tenente de alcalde.

D. José Trillo Lema, terceiro tenente de alcalde.

D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema, cuarta tenente de alcalde.

SEGUNDO- Aos tenentes de alcalde corresponderalles substituír esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

TERCEIRO.- Dar a coñecer ao Pleno da Corporación a presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarlla ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

CUARTO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria"

O Pleno da Corporación dase por enterado.



# Concello de Vimianzo

## 8. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de nomeamentos de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias da Alcaldía.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 785 de data 13 de xuño de 2015, sobre nomeamentos de tenentes de Alcalde, que se transcribe literalmente:

### “RESOLUCION DA ALCALDIA

#### ASUNTO: DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA EN TENENTES DE ALCALDE E RESTO DE CONCELLEIROS.

A vista das eleccións locais celebradas o 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43, 46 e 121 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

PRIMEIRO. - Outorgar as delegacións especiais que se sinalan aos seguintes concelleiros:

- A D. Fernando Mancebo Amigo, primeiro tenente de alcalde: Obras, Urbanismo, Facenda e Persoal.
- A D<sup>a</sup>. María Jose Ramos Rey, segunda tenente de alcalde: Benestar social, Igualdade e Ensino.
- A D. José Trillo Lema, terceiro tenente de alcalde: Medio rural.
- A D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema, cuarta tenente de alcalde: Cultura, Deportes e Mocidade.
- A D. Xosé Antón Vidal Mira, concelleiro: Augas, Alumeado e Parque Móbil.
- A D<sup>a</sup>. María Élda Pequeño Lorenzo, concelleira: Turismo e Sanidade.
- A D. Anselmo Ramos Martínez, concelleiro: Policía local, Protección civil e Medio Ambiente.

A delegación especial comprende a dirección interna e xestión do servizo ou áreas que se delega, pero sen capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afectan a terceiros.

SEGUNDO. - Dar conta ó Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificarla ós interesados, e publicala no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

TERCEIRO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.”

O Pleno da Corporación dase por enterado.

## 9. Dación de conta da resolución da Alcaldía en materia de delegacións especiais en Tenentes de Alcalde e concelleiros.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 789 de data 15 de xuño de 2015, sobre nomeamentos de tenentes de Alcalde, que se transcribe literalmente:

### “RESOLUCION DA ALCALDIA

#### ASUNTO: NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

A vista das eleccións locais celebradas o 24/05/2015 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 13/06/2015 resulta necesario proceder ó establecemento da nova organización municipal.

Considerando o disposto no artigo 21 e 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 46, 52 e 114.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións legalmente conferidas, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, que estará integrada polos seguintes concelleiros da corporación:

Presidente: D. Manuel Antelo Pazos, alcalde.

Vogais:

D. Fernando Mancebo Amigo.

D<sup>a</sup>. María Jose Ramos Rey.

D. José Trillo Lema.

D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local terá asignada as seguintes atribucións:

a) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, ao abeiro do disposto no artigo 53.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:

- O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas a partir de 18.000,00 euros, de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais e disposicións de desenvolvemento, agás as derivadas de contratos menores.

- O outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo.

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal funcionario e para os concursos de provisión de postos de traballo.

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

- As contratacións de obras, de subministracións, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, e os contratos privados cuando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, agás os contratos menores definidos no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- As concesións sobre bens e adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe ni a contía indicados.

- A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.


- Os actos suxeitos a licenza municipal previa, ao abeiro do disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, modificada pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da da competitividade económica de Galicia (DOG nº 247 do 27/12/2013).

- Os expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.

Sen prexuízo do anterior, a alcaldía resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

TERCEIRO.- Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o vindeiro luns 15 de xuño de 2015, ás 13:30 horas, na sala de sesións municipal.





# Concello de Vimianzo

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria o primeiro e o terceiro luns de cada mes ás 13.30 horas, na sala de sesións municipal, previa convocatoria realizada pola alcaldía. Nos períodos vacacionais, Semana Santa e Nadal ou cando o día fixado sexa festivo, o Sr. Alcalde poderá adiantar ou pospoñer a súa celebración.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que se celebre, notificala aos interesados, comunicala aos departamentos municipais afectados e publicala no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- As presentes delegacións de atribucións xurdirán efectos dende o día seguinte ao da presente resolución, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido do presente decreto.”

O Pleno da Corporación dase por enterado.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cincuenta e oito minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vintedous de xuño de dous mil quince.

Ø ALCALDE

A SECRETARIA